

ANIMAL

Sofia Exarchou, 2023

1468

ESTREA EN NUMAX: 27.02.2025 | V.O.S.E. | 117 min

Baixo o ardente sol grego, os animadores dun complexo turístico prepáranse para a temporada turística. Kalia é a líder do grupo. Decoracións de papel, traxes brillantes e espectáculos de baile enchen o escenario. A medida que o verán se intensifica e a presión do traballo aumenta, as súas noites vólvense violentas e a loita de Kalia revélase na escuridade. Pero cando se volven prender os focos, o espectáculo debe continuar.

«Un conmovedor retrato da vida entre as arañeiras e a sucidade dun hotel grego»

Jessica Kiang, VARIETY



Entrevista con Sofia Exarchou: «A roda que fai funcionar o sistema estará sempre en movemento e non parará de rodar en ningún momento»

Por Teresa Vena

Cal era a túa intención inicial co filme? Quería facer un filme sobre o traballo en Europa Occidental e nas sociedades capitalistas. O que tiña claro desde o comezo era que quería ambientalo na industria do turismo. E é que, como grega, sei bastante sobre o tema e vin como evolucionou nas últimas décadas. O turismo é a pedra angular da nos economía isto está claro, así que a elección foi do máis natural para min. Porén, pouco a pouco, comecei a ver este universo como algo cada vez máis e máis interesante. Así, coa finalidade de falar do sector do entretemento e da súa importancia hoxe en día, decidín centrarme non só nos empregados da industria, senón tamén na figura do animador.

Que te levou a escoller este lugar de rodaxe en concreto? Investiguei sobre distintas illas e sobre a paisaxe en xeral. Despois de todo, o lugar exacto de rodaxe non é tan importante, o que quería era evocar a sensación de que esta illa era como calquera outro lugar onde puidese existir un complexo deste tipo. Esa foi a razón pola que decidín que non se revelasen nin o escenario nin a época na que está ambientada a historia. Con todo, tiña en mente algo polo estilo de Creta, xa que tiña a intención de amosar este tipo de paisaxe seca e as cores particulares da illa, polo que centrei a miña busca naquela zona. Tamén era importante que o lugar de rodaxe contase con aloxamento para os animadores e que estivese un pouco afastado do centro turístico e da festa. Quería que estivese preto do mar, así que, unha vez encontramos o lugar para o aloxamento, púxenme mans á obra co complexo turístico.

Que nos podes dicir do reparto? É unha mestura de diferentes tipos de profesionais. As dúas protagonistas son actrices. De feito, Dimitra Vlagopoulou, que interpreta a Kalia, tamén é bailarina. Para ela sempre foi unha prioridade ter boas dotes de baile e interpretación. En canto ao resto do grupo, desde o comezo souben que quería actores, pero tamén bailaríns e músicos; un dos membros do equipo vén do circo. Foi xenial porque se axudaron mutuamente. Tamén gravei moitos vídeos de animadores traballando por todo o mundo e iso axudou ao reparto a prepararse. Houbo un momento no que tivemos que deixar de ensaiar a interpretación para limitarnos a ensaiar as actuacións e a coreografía durante dous meses. Foi difícil para eles, pero todos traballamos xuntos para tratar de comprender este mundo.

O final que se amosa no filme era o que tiñas en mente? A idea principal era transmitir a mensaxe de que a roda que fai funcionar o sistema estará sempre en movemento e non parará de rodar en ningún momento.

Que nos queres transmitir con esa opinión que deixas entrever sobre a Grecia de hoxe? A Grecia de hoxe éo todo para min, é o meu día a día. Quixen facer esta alegoría porque considero que os traballadores de moitos outros sectores laborais teñen moitas cousas que aprender dos animadores: teñen que aprender a disfrazarse todos os días, a cumprir con enerxía e sorrir aos clientes, aos xefes ou a quen sexa. Volvendo ao tema da Grecia de hoxe, creo que estamos soportando unha gran crise e unhas duras condicións económicas e políticas, e todo iso vese reflectido no filme.

Publicado en cineuropa.org



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Estuve aquí y me acordé
de nosotros,*
Anna Pacheco.
Anagrama, 2024

Manual del anti-turismo,
Rodolphe Christin.
Fuera de ruta, 2018

El viaje imposible,
Marc Augé.
Gedisa, 2022